

# nova escola galega

## • OPINIÓN •

### *Confusión política e política de confusión: «reformar a Reforma» educativa*

As últimas propostas do Ministerio de Educación de reformar os *curricula* escolares dos ensinos medios, supostamente para ampliar os contidos de humanidades e de Historia de España, significan un retroceso no modelo educativo deseñado na LOGSE, tanto desde o punto de vista pedagóxico e didáctico como no das finalidades da educación. Nova Escola Galega, que ten criticado reiteradamente algunhas das propostas e formulacións recollidas na LOXSE e tamén a política educativa desenvolvida por anteriores gobernos, síntese, non só moralmente autorizada senón mesmo obrigada, a manifestar o seu radical desacordo coas actuais propostas ministeriais polas razóns que pasamos a expoñer:

- 1.- A LOGSE foi a primeira Lei educativa na Historia do noso país que, con todas as súas limitacións, foi previamente debatida de maneira ampla por todas as persoas relacionadas coa educación que desexaron participar (asociacións de pais, do profesorado, de estudantes, MRPs...) en vez de ser un listado de contidos impostos desde o Boletín Oficial do Estado. Os resultados, discutibles como toda proposta política froito dunha complexa negociación, distaron de satisfacer a todo o mundo: o Parlamento acabou aprobando por ampla maioría uns obxectivos xerais para o sistema educativo español nos que se resumiron valores democráticos bastante xenéricos pero inequívocos. Mentres non se modifique esta lei orgánica, os *curricula* teñen que adecuarse a estas finalidades educativas. Pero unha cousa é o que se declara querer (valores democráticos) e outra diferente aquilo que se pretende na realidade (adoctrinamento ideolóxico). Os gobernos do PSOE xa «interpretaron» eses obxectivos xerais como un amplísimo listado de contidos (o famoso decreto de contidos de mínimos, común para toda España), distante da filosofía de «curriculum aberto» que inspirara o proxecto orixinal de Reforma Educativa; cerrouse así en gran medida a liberdade de cada comunidade educativa de realizar un deseño propio dentro dun marco xeral común. Agora o goberno actual nin sequera garda as formas: prescinde dos obxectivos da LOXSE e *dicta* un listado de contidos exhaustivo e obrigatorio, sospeitosamente familiar para todas as persoas de máis de 40 anos de idade.
- 2.- Entre as pretendidas xustificacións da contrarreforma educativa alégase habitualmente o «deterioro» do sistema escolar, e mesmo, que os escolares «agora» aprenden menos que «antes». Só se pode deteriorar o que antes funcionaba ben ¿Cando funcionou ben

o sistema escolar español? ¿En que momento comezou o seu deterioro? As críticas tipo «*calquera tempo pasado foi mellor*» só poden deberse á ignorancia, á terxiversación da realidade, ou a ámbalas dúas cousas. Cada vez que houbo unha nova proposta educativa erguéronse voces críticas contra esa reforma, desde Balmes criticando o Plan Pidal ou a Lei Moyano a mediados do século pasado, ata as que recibiu a Lei Xeral de Educación de Villar Palasí no tardofranquismo; a única reforma que non puido ser criticada no seu día foi a de Pedro Saínz Rodríguez en 1938, no primeiro goberno franquista de Burgos que declaraba que os contidos básicos dos bacharelatos debían basearse na cultura clásica e humanística que era o

*«... camino seguro para la vuelta a la valorización del ser auténtico de España, de la España formada en los estudios clásicos y humanísticos de nuestro siglo XVI, que produjo aquella pléyade de políticos y guerreros —todos de formación religiosa, clásica y humanística— de nuestra época imperial, hacia la que retorna la vocación heroica de nuestra juventud; poder formativo político corroborado todavía notablemente por el ejemplo de las grandes naciones imperiales modernas...»*

Esperemos non sexan estas as saudades dos que proclaman o «deterioro» do que se estudia hoxe nas aulas. Fronte a prexuícios hai que contrapoñer datos. Na actualidade hai máis escolares que saben facer máis cousas e coñecen máis. A principios dos anos sesenta só un 10% das persoas que iniciaran a ensinanza primaria remataba o que daquela se chamaba bacharelato «superior» (reválida de 6º curso, ós 16 anos de idade); agora este é o nivel de escolarización gratuito e obrigatorio para o 100% da poboación ¿Alguén é capaz de soste que na actualidade non hai polo menos un 10% de alumnos excelentes? por suposto que hai bastantes máis. Non todos os que «antes» estaban escolarizados eran «excelentes» e a inmensa maioría non estaban escolarizados. O camiño percorrido foi inmenso, pero queda moita angueira.

- 3.- Non se deteriorou o ensino, o que se ten deteriorado é a esperanza depositada algún día na reforma educativa, e aquí as responsabilidades están repartidas: nin este nin o goberno anterior teñen proporcionado os medios imprescindibles para que se poidese aplicar a reforma prevista na LOXSE cunhas mínimas garantías de éxito. Aínda que a educación que se imparte nos centros públicos é na actualidade infinitamente mellor ca no pasado e mesmo na maioría dos centros privados (grupos menos numerosos, profesorado mellor formado...), o desinterese progresivo das administracións públicas resulta preocupante. O profesorado asiste asombrado a unha «reforma de papel» que só existe nas declaracións oficiais: non hai aulas de tecnoloxía na maioría dos centros; se por cada rolda de prensa na que un responsable educativo anuncia a introducción de novos medios nos centros educativos (ordenadores, conexión á rede informática, etc.) se comprase algún ordenador, na actualidade seriamos un dos países con maior dotación de Europa. En moitos colexios e institutos carécese de retroproectores que se poidan levar as aulas, de dotación para bibliotecas escolares, de material e instalacións deportivas.... Segue sendo habitual que haxa profesorado impartindo materias que descoñece, de acordo con sorprendentes criterios que consideran que un licenciado en Historia ten como asignatura «afín» a Filosofía de COU, ou un de Bioloxía as Matemáticas. A maioría das clases de linguas estranxeiras son tan numerosas como carentes de medios, etc. etc. Por riba, por razóns históricas e demográficas, o profesorado español é neste momento un dos que ten unha idade media máis elevada de Europa e, en vez de facilitar alternativas que favorezan a incorporación de novas promocións de ensinantes, a administración ofrece...

retrasar a idade de xubilación ata os setenta anos! ¿Alguén cre realmente que os problemas máis urxentes do ensino son os contidos de Historia? ¿e que se solucionan publicando no BOE un listado de contidos para que o profesorado os *transmita* ós seus alumnos e alumnas?

- 4.- Mesmo se alguén considerase realmente que o problema fundamental da educación no noso país son os contidos (ou a carencia) de Historia e de Humanidades, a proposta de contrarreforma tampoco é de recibo. Parte dun erro que ningún principiante en didáctica cometería: os escolares non aprenden todo o que se lles *conta* na clase. De ser así, bastaría con incrementar o número de cousas que o profesor *transmite* para aumentar os coñecemento da poboación. Que un ou unha estudante sexa capaz de *repetir* nun momento concreto as «*catro causas*» da caída do Imperio Romano ou as «*tres consecuencias*» da Segunda Guerra Mundial que veñan no seu libro ou que lle teñan relatado na clase, non quere dicir que entendese nada de iso. Hai tempo que os expertos en educación consideran preciso reducir a cantidade de contidos e traballalos en profundidade para axudar ó alumnado a coñecer relacións sociais complexas que contribúan a proporcionarlle unha formación adecuada que favoreza a comprensión da sociedade na que vive. Parafrasenado a Pierre Vilar, a ensinanza da Historia pretende *comprender* o pasado para poder *coñecer* o presente. A proposta ministerial parece querer enterrar o presente nun agotador listado de acontecementos do pasado. Proponer ese extenso relatorio de acontecementos históricos implica necesariamente unha metodoloxía transmisiva, é dicir, ó profesor ou profesora non lle cabe outra función que *narrar* a historia, e ós e ás escolares, escoitar e repetir. Non hai posibilidade material de indagar, contrastar fontes variadas, debater, formular hipóteses explicativas; comparar procesos, etc. E aínda que nas aulas se implantase de novo unha metodoloxía memorístico-repetitiva, é improbable que coas tres horas semanais disponibles os escolares alcanzasen a ler algo sobre os acontecementos da historia máis recente ¿Non será ese un obxectivo implícito máis na contrarreforma ministerial?
- 5.- A contrarreforma ministerial non é tampouco aceptable desde os valores democráticos socialmente compartidos na nosa sociedade e que mesmo figuran no actual ordenamento legal; os valores implícitos na particular Historia de España que propón o MEC responde a prexuícios propios do nacionalismo español do século XIX que tiveron unha prolongada pervivencia nos ridículos programas escolares do franquismo. A ensinanza da Historia foi un dos instrumentos dos que se valeron os Estados nacionais, desde o seu nacemento no século XIX, para formar ideoloxicamente ós *cidadáns* como *patriotas* que se identificasen nun proxecto político común. Inventáronse lazos simbólicos entre persoas de variada procedencia social e territorial *nacionalizando* o pasado, proporcionándolles «lembranzas comúns» a través dunha reconstrución ideoloxica. Escuros bandoleiros da época romana, conquistadores xermanos de estraña lingua, ou míticos e descoñecidos montañeses escasamente civilizados (Viriato, Ataúlfo, *D. Pelayo*...) foron convertidos en *patriotas españois* que servisen de exemplo ás novas xeracións. O odio ó estranxeiro (á pérfida Albión, o gabacho cobizoso...) camiñaron parellos coa exaltación de todos os momentos nos que se impuxo na península un poder forte e centralizado. Eran momentos gloriosos os que había *unidade* (romanización, visigodos, Reis Católicos...) aínda que coincidise con crises económicas e aínda que a maioría da xente pasase fame. Pola contra eran momentos de *decadencia* aqueles nos que non existía centralización política, aínda que, como nos séculos XII e XIII, se producise unha extensión dos cultivos, o renacer das cidades ou a expansión comercial catalano-aragonesa polo Mediterráneo. A defor-

mación nacionalista da ensinanza da Historia —común á maioría dos países europeos— contribuíu nalgunha medida ás catástrofes bélicas do século presente. De ahí que, tras a Segunda Guerra Mundial, os programas escolares comezasen a preocuparse por transmitir outros valores máis acordes coas aspiracións da maioría da poboación europea: solidariedade, análise desapaixoadada das identidades e dos grupos de pertenza... e se tratasen de superar orientacións como a que se fundamentaba o ensino da Historia no primeiro franquismo:

«... *La revalorización de lo español, la definitiva extirpación del pesimismo antihispánico y extranjerizante, hijo de la apostasía y de la odiosa y mendaz leyenda negra, se ha de conseguir mediante la enseñanza de la historia universal (acompañada de la geografía), principalmente en sus relaciones con la de España. Se trata de poner de manifiesto la pureza de la nacionalidad española, la categoría superior, universalista, de nuestro espíritu imperial, de la hispanidad...*»

- 6.- Ó parecer existe unha preocupación polo sesgo nacionalista (dos *outros* nacionalismos, os periféricos) no ensino da Historia e pretende *combaterse* con máis Historia de España; preténdese pois contrarrestar certo grao de nacionalismo (catalán, vasco, tal vez galego...) con máis nacionalismo español: parece que o MEC cre nas virtudes curativas da *homeopatía* ideolóxica. No caso de Galicia, se algo hai que denunciar ó momento presente é a escasa atención que a maioría dos manuais escolares prestan ó noso país. A Historia, Xeografía, Arte e Cultura de Galicia están relegadas, nun *totum revolutum*, a unha asignatura optativa para estudantes das opcións de Humanidades dos novos bacharelatos, implantados a penas no 10% dos Institutos. A inmensa maioría dos escolares poden rematar os seus estudos sabendo máis da industrialización ou do movemento obreiro en Gran Bretaña ou en Cataluña que en Galicia. Pois ben, ó parecer os portavoces da Consellería de Educación manifestan a súa conformidade cos proxectos do MEC de incrementar os contidos de Historia de España ¿Máis aínda? ¿Máis a custo de que? ¿Que pretenden eliminar ou reducir? Se consideran que nalgún caso, ou nalgunha Comunidade Autónoma —que desde logo non é a nosa— existe un adoctrinamento improcedente dos escolares, deben tratar de corrixir a situación a través de argumentacións fundamentadas, e non con sobredoses de nacionalismo español. Noutro caso é imposible non consideralo unha intromisión improcedente nas competencias legais das Comunidades Autónomas e unha carencia de respecto cara a pluralidade das culturas hispánicas.

En conclusión, **Nova Escola Galega** considera improcedente e fóra de lugar as medidas propostas polo MEC para reformar os contidos de historia dos curricula escolares porque son froito dun prexuízo ideolóxico, porque son contradictorias coas finalidades formativas que deben inspirar a educación, porque atentan contra o pluralismo e as competencias das Comunidades Autónomas, porque non responden ós verdadeiros problemas que afectan ó sistema escolar, e mesmo, pola ausencia de diálogo e de participación na súa elaboración.

Secretariado Nacional de Nova Escola Galega

Galicia, Novembro, 1997

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

